

2002

CONCESIÓN A ESTE COLECTIVO DO PREMIO "CIDADE DE PONTEVEDRA",
OUTORGADO POLO CONCELLO DE PONTEVEDRA POLO COIDADADO E DEFENSA
DO MEDIO NATURAL.

EXCURSIÓN Á AULA CHELO (AULA DO RÍO, BETANZOS, A CORUÑA) Na dita excursión participaron 54 persoas co obxectivo de coñeceren, dende un punto de vista técnico-científico, o ecosistema dos ríos.

I CEA ANIVERSARIO E CELEBRACIÓN DO PREMIO CIDADE DE PONTEVEDRA

II CAMPAÑA DE LIMPEZA, ANO 2002 Levouse a cabo durante 13 domingos consecutivos, cunhas características semellantes ás do ano 2001, agás que se retirou menos cantidade de lixo e maleza, aínda que, como a campaña se centrou máis no leito do río, atopáronse unha "granada de piña" e unha "mina anticarro" que lles foron entregadas ós técnicos en desactivación de explosivos da Policía Nacional (TEDAX). Nesta campaña contouse coa colaboración de persoal e internos do Centro Penitenciario A Lama e do Centro de Menores Avelino Montero.

EXPOSICIÓN DE LIXO DA CAMPAÑA DE LIMPEZA DO ANO 2002 Realizouse, con elementos curiosos e anecdóticos que foron retirados na dita campaña, no Paseo sobre o río no barrio de Campolongo (Pontevedra capital); constou de 200 obxectos.

II FESTA DO RÍO A dita festa contou con grupos de música tradicional (Os Chichisos, Foula e Cultural Cobres), comida (polbo á feira e carne ó caldeiro), xogos populares e obradoiros de reciclaxe, teatro e un paseo polo río.

ELABORACIÓN DUN FOLLETO INFORMATIVO Confeccionouse un folleto informativo sobre o río en colaboración con Política Lingüística da Xunta de Galicia (4.000 exemplares).

CONSTRUCCIÓN DE PONTES DE MADEIRA.

ESTUDO PISCÍCOLA EN COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE.

ACORDO COS CENTROS EDUCATIVOS. Prográmanse visitas ó río dos alumnos dos centros Riomaior e Toural de Vilaboa e Campolongo de Pontevedra.

XORNADA LÚDICA Ó CARÓN DO RÍO. En colaboración coas asociacións Dajalca, Xarume e Maluna, formadoras de monitores de tempo libre.

EXCURSIÓN DIDÁCTICA POLO RÍO DE ALUMNOS DO IES DE PONTE CALDELAS, acompañados por membros de Vaipolorío.